


# O primeiro

VICENTE ARAGUAS



**CARLOS CASARES. VIDA E LITERATURA**  
DAMIÁN VILLALÁIN  
Edicións Xerais. Vigo, 2017  
12,50 euros

Este é o primeiro libro que vén a mín a propósito do Día das Letras Galegas, adicado este ano a Carlos Casares. Un escritor sen dúbida ningunha (a miña, xa se sabe, é cando lle outorgarán a efemérede a Don Ricardo Carvalho Calero: moito me temo que o día en que ás rás lles medre o pelo, o que non di moito a prol da RAG, en fin). Vaia, que isto é o que hai e con Casares nominado, teimo, hai moito. Porque poucos escritores como Carlos para explicar unha literatura cal é a galega. Entre os nosos narradores modernos un dos poucos que merecen a etiqueta de "exportable".

Que unha cousa é facer patria e outra pasar por parvos. Por iso, agora que Carlos Casares, e con el aquel sorriso entre xentil e retranqueiro, leva máis dunha década lonxe de nós quero dicir que tardará tempo en nacer, se é que nace (permitídmeme parafrasar a Lorca ao cantar a Ignacio Sánchez Mejías), un home tan completo como Carlos, e non soamente á hora da escrita. Iso que reflicte moi ben a biografía que del escribe Damían Villalaín en *Carlos Casares. Vida e literatura* (Edicións Xerais, Vigo, 2017).

Ben que pois enderezada ao público escolar, ¿el que sería da nosa literatura, exclúome como "outsider" que son dela, sen este segmento lector "obrigado", dígase todo?, ten un aquel de descafeinada que non lle senta nada mal.

Que unha cousa é facer patria e outra pasar por parvos. Por iso, agora que Carlos Casares, e con el aquel sorriso entre xentil e retranqueiro, leva máis dunha década lonxe de nós quero dicir que tardará tempo en nacer

Eles, polo demais, tan precisos para que o Día das Letras Galegas non quede niso, nun día de xoldra e festa. En fin, que gustei deste achegamento á figura de Carlos Casares.

Quer dicir, que se trata dun opúsculo (publicado na colección "Merlín") que non chega ao haxográfico, xénero adicado ao beaterío, espazo do que de ningunha maneira formaba parte o escritor ourensán, independente de máis para adoracións. Así e todo nun panorama como o pudoroso como o noso, onde os tempos aínda non son chegados para que os reis se mostren espidos, raro será o libro que clarexe a figura de Carlos (e non falo dos aspectos persoais seus tan cheos de luces e sombras como o de calquera de nós, senón dos colectivos, referidos á política galega, tamén á editorial).

Por iso Damían Villalaín, con seriedade e honestidade (que lle leva citar as fontes, Tucho Calvo, Ramon Loureiro, Xan Carballa, el mesmo) proxectou este libro "soft", que ilustrado con boas fotografías vai ter boa saída e abeiro nos redutos escolares.

Eles, polo demais, tan precisos para que o Día das Letras Galegas non quede niso, nun día de xoldra e festa (o que, en todo caso, non deixa de ter o ser aquel). En fin, que gustei deste achegamento á figura de Carlos Casares.

De quen teño disfrutado como persoa, e tamén no trato persoal (pero iso, outro día). Non máis botei en falla neste libro a presenza do Casares poeta, que tamén existira. Autor, cando menos, dun poema adicado ao menor dos Machado: "Poema de emerxencia para Antonio Machado", que musicara Moscoso. Casares, o primeiriño. Este libro, tamén.